

CONVOCATORIA

Chega a final do quinto certame folk de Radio Obradoiro

A cita é hoxe ás nove da noite no Teatro Principal e o concurso está patrocinado polo Grupo Correo Gallego

MX.GÓMEZ • SANTIAGO

As butacas do compostelán Teatro Principal acollerán esta noite, a partir das nove, nervios, ilusión, sorpresas e sobre todo interese por parte do público que acuda á final do V Certame Folk organizado por Radio Obradoiro. As olladas estarán postas nos cinco grupos finalistas. Trátase das formacións Árdelle o eixo, Brendam, Lugnasad, Lumia e Xochilmica.

Cada un deles vai interpretar tres pezas, alomenos dúas propias. Será un xurado o encargado de decidir quen gravará un disco no estudo Phonos, da Estrada. Nesta edición está composto por Pedro Pascual, Lois Atanes, Sonia Lebedynski, Benjamin Otero 'Huevo' e Davide Salvado.

Súmense á xa extensa lista de músicos e persoas relacionadas coa música galega que amosaron en anos anteriores o seu compromiso e apoio a esta iniciativa do Grupo Correo Gallego. Na primeira edición resultaron gañadores os vigueses Alfolíes, mentres que no segundo certame o primeiro premio recaía nos rapaces de Quempallou. Grupo que, despois de que unha discográfica publicase o disco que gravaron, chegou incluso ó número en listas norteamericanas. Na terceira edición do certame, o *galardón* recaía nos composteláns Roi Xordo, mentres que o ano pasado o xurado decidía premia-lo traballo de Gordan De Fló. É un grupo con base en Lalín, que acaba de edita-lo seu disco, no que por vontade propia só incluíron catro pezas. Interpretarán algunha delas mentres o xurado desta edición delibera.

Formacións noveis

O obxectivo desta iniciativa é potenciar e difundir-lo traballo dos grupos galegos que se dedican á

música de raíz, que a teñen como base. Árdelle o eixo procede de Santa Cruz de Rivadulla, en Vedra. Os seus compoñentes son Josele, Marcos, Gutier, María, Adrián e Serxio. Defínense, en clave divertida, como grupo *underground*, que ten como fin interpretar dunha forma maxistral e impecable a súa música.

Pola súa banda, Brendam fórmano Clara Pino, Juan José Fernández, Lydia Castro, Alberto Giadanes, David López, Anxo Fernández e Rubel Abel Pazos. Levan máis de dous anos camiñando polo mundo da música de raíz e xa foron finalistas na cuarta edición do certame.

Lugnasad, grupo con denominación moi ligada á cultura celta, está formado por Roberto Baltar, Iván Trigo, Brais Gutiérrez, Alberto Miranda e Manuel Antonio Alonso. Tamén levan xa ás súas costas varios anos de andaina por escenarios galegos.

Da cidade herculina chegan Lumia, fundado no 2001 e constituído por xente moi nova. Trátase de Noelia Leis, Francisco Javier Tejera, Antonio Facal, Mario García, Federico Mosquera, Xesús Luis González e Sergio Grobas.

E por último, se seguimos a orde alfabética, están Xochilmica, que reparte a orixe dos seus integrantes entre Ames, Santiago e Val do Dubra. Son todo homes: Ramón Maril, Manuel Rey, Manuel Iglesias (que non pode tocar hoxe, substituído por Miro), Xan Pampín e Pablo da Lama.

A partir das nove da noite estas cinco formacións serán as encargadas de poñer música e tradición no escenario do Teatro Principal de Santiago de Compostela, e de dar corpo á quinta edición deste certame. A entrada é libre.



Proceden de Ames, Val do Dubra e Compostela, chámanse Xochilmica e son un dos grupos finalistas



Lumia é unha formación procedente da Coruña, que comezou a súa andaina no folk hai tres anos



Sete músicos integran Brendam, formación que xa foi finalista no cuarto certame folk



Humor e música son as dúas tarxetas que presentan a Árdelle o eixo, que chegan de Vedra



Ois integrantes de Lugnasad, procedentes de Vigo e Nigrán, durante un dos seus concertos

AXUDAS

Un proxecto apoiado

Dende o seu inicio, esta iniciativa pioneira do **Grupo Correo Gallego** contou co apoio da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, que inclúe esta cita musical na programación do Xacobeo 2004, e do Concello de Santiago a través da Concellería de Cultura que dirixe Néstor Rego.

Súmense a eses azos os achegados por firmas tan relevantes como Daviña, Phonos, Pub Momo, Café Vivacce, Coca Cola, Restaurante Belgo e Neumáticos Radial.

A todas estas engádense as colaboracións doutras importantes entidades empresariais como Aislamientos Suso, Cervecería Calle Nueva, Academia Santiago de Bailes de Salón, Óptica Vista Alegre, O Zarralleiro a firma de son Más Db's.